

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Suspensión do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal laboral fixo, de dúas vacantes de peón/a de xardín incluídas nas OEP do Concello de Fene dos anos 2020 e 2021

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1003/2024, de data 26.07.2024, acordouse a suspensión do proceso selectivo cuxo texto íntegro se cita a continuación:

Asunto: SUSPENSIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE E MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DE DÚAS VACANTES DE PEÓN/A DE XARDÍN INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DO CONCELLO DE FENE DOS ANOS 2020 E 2021, MEDIANTE O SISTEMA SELECTIVO DE OPOSICIÓN.

EXPEDIENTE: 2023/E001/000022; 2024/G003/000355

A través da Resolución da Alcaldía núm. 148/2024, do 15.02.2024, aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal laboral fixo de dúas vacantes de peón/a de xardín incluídas na OEP 2020 e 2021.

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP núm. 38, do 22.02.2024); así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOGA núm. 50, do 11.03.2024) e no *Boletín Oficial do Estado* (BOE núm. 69, do 19.03.2024). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 08.04.2024, incluído.

O 27.05.2024, co rexistro de entrada 1924, recíbese oficio do Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Ferrol para que se remita o expediente do Proceso Selectivo Peón de Xardín.

Mediante R.A. 704/2024 do 29.05.2024 acordouse encomendar a defensa e representación do Concello ao Servizo Xurídico da Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos Entes Locais, aprobado pola Deputación Provincial da Coruña (BOP núm. 245 do 25.10.1998) e emprazouse a todas as persoas interesadas no recurso contencioso-administrativo que se tramitou como procedemento ordinario 0000075/2024 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol para que puidesen comparecer como parte ante o citado órgano xurisdiccional no prazo de nove (9) días, a contar a partir do seguinte ao da notificación da dita resolución.

O artigo 22.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón:

a) Cando unha Administración Pública requira a outra para que anule ou revise un acto que entenda que é ilegal e que constitúa a base para o que a primeira haxa de ditar no ámbito das súas competencias, no suposto ao que se refire o apartado 5 do artigo 39 desta Lei, desde que se realiza o requirimento ata que se atenda ou, no seu caso, resólvase o recurso interposto ante a xurisdición contencioso-administrativa. Deberá ser comunicado aos interesados tanto a realización do requirimento, como o seu cumprimento ou, no seu caso, a resolución do correspondente recurso contencioso-administrativo.

Tendo en conta o sinalado, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da LBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Dado que os procedementos están acumulados, acordar a suspensión do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal laboral fixo, de dúas vacantes de peón/a de xardín incluídas nas ofertas de emprego público do Concello de Fene dos anos 2020 e 2021, mediante o sistema selectivo de oposición, ao abeiro do art. 22.2.a) da LPACAP, ata a resolución do recurso contencioso-administrativo interposto, nos termos indicados nesta resolución.

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución os interesados poderán interpoñer potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no BOP da Coruña, significándolle que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o

recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativo podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderán impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Manuel Larrosa Rodríguez, como secretario en acumulación, dou fe”.

En Fene, asinado dixitalmente o 26.07.2024 polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

2024/5388